

Coruña celebra o IV Día Lugrís

Publicado por **Redacción**



O colectivo literario In Nave Civitas Lugrís, a Asociación Cultural O mural e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) convocan o IV Día Lugrís para lembrar e honrar a memoria de Urbano Lugrís.

Este Día Lugrís terá lugar o sábado 21 de decembro e principiará ás 18.00 h. cunha xuntanza no adro do Museo de Belas Artes da Coruña. As e os asistentes xuntaranse para decorar paraugas con motivos mariños e lugrisáns cos que logo percorreran as rúas coruñesas.

De seguido terá lugar "a recalada do mural", unha recepción poética do mural de Urbano Lugrís "Vista da Coruña 1830, de Urbano Lugrís" que o Museo de Belas Artes exhibirá por vez primeira ao público ese día.

Ás 20.00 h. celebrarase unha manifestación atlántica. Cos paraugas decorados abertos e desde o Museo de Belas Artes da Coruña a praza Sellier (Rúa Real, Obelisco, Cantóns. Rúa Estrela, Rúa Mantelería, Rúa Santo André e Praza Sellier) percorrendo algúns dos lugares da vida do gran artista do mar, visitando os murais que se conservan e o graffiti que fai un ano fixo Outón na rúa Mantelería.

Este IV Día Lugrís rematará ás 21.00 h. coa actividade "A habitación do vello mariño", na praza José Sellier. Consistirá nun recital artístico na memoria do Noso Señor Lugrís.

Este Día Lugrís está aberto a toda a cidadanía. Dende a organización solicitan que os asistentes acudan cos seus paraugas, pinturas, buguinas, vieiras e o espírito morno e mítico da obra de Urbano Lugrís.